

HISTORIA DA MÚSICA E DA DANZA

Escollerase unha opción do grupo teórico e unha do grupo práctico, podéndose combinar como se desexe (A/1, A/2, B/1, B/2).

TEÓRICO

Opción A

TEMA: *A orquestra romántica* (4 puntos).

- As formas sinfónicas. Sinfonía e concerto.
- A música programática.

DEFINICIÓNS BREVES (2 puntos).

- Leitmotiv* (motivo conductor).
- Batuta.
- Trombón.
- Fuga.

Opción B

TEMA: *A música no Barroco* (4 puntos).

- Música e relixión: Cantata, oratorio e Paixón,
- Bach e Haendel.

DEFINICIÓNS BREVES (2 puntos).

- Aria da capo*.
- Fuga.
- Recitativo.
- Clavecín.

PRÁCTICO – AUDICIÓNS

(4 puntos)

Opción 1

- Identificar a obra proposta e a súa datación aproximada.
- Indicar o contexto histórico, cultural e artístico no que xorde esta composición. Identificar o idioma no que está escrito o seu texto.
- Características musicais que concorren na interpretación deste fragmento (tipo de melodía, monodia/polifonía, voces/instrumentos, tipo de acompañamento, tipoloxía relixiosa/profana...)
- Identificar a forma musical concreta da audición con referencia ao repertorio ao que pertence, indicando as súas características. Sinala calquera outro aspecto que consideres de interese relativo á obra ou ao seu autor.

Opción 2

- Identificar a obra proposta e sinalar a datación aproximada da mesma.
- Comenta o contexto histórico, cultural e artístico no que xorde esta composición.
- Características musicais que concorren na interpretación desde fragmento (Voces/ instrumentos da agrupación /instrumentos solistas, tipo de conxunto instrumental, música sacra/profana, música instrumental/ dramática, textura/texturas, *tempo*...).
- Poderías sinalar se a obra é música para ser escoitada ou para ser representada? Neste último caso, indica se pertence a unha ópera, obra teatral ou forma parte dun ballet. En que tipo de gran obra musical máis ampla se pode incluír este fragmento? Coñeces o seu argumento? Indica ademais calquera outro aspecto que consideres de importancia sobre o autor, o seu estilo ou a obra proposta.

HISTORIA DA MÚSICA E DA DANZA

Escollerase unha opción do grupo teórico e unha do grupo práctico, podéndose combinar como se desexe (A/1, A/2, B/1, B/2).

TEÓRICO

Opción A

TEMA: *O Renacemento en España* (4 puntos).

- A música relixiosa: As capelas de música. Tomás Luis de Victoria e outros polifonistas.
- A música profana: Vilancico e romance. Os vihuelistas.

DEFINICIÓNS BREVES (2 puntos).

- Tiento*.
- Contrapunto.
- Laúde.
- Pavana.

Opción B

TEMA: *Novas linguaxes no século XX* (4 puntos).

- Surrealismo, expresionismo, futurismo, etc.
- A evolución dos elementos da música.

DEFINICIÓNS BREVES (2 puntos).

- Dodecafónico*.
- Cuarteto de cordas.
- Disonancia.
- Clarinete.

PRÁCTICO – AUDICIÓNS

(4 puntos)

Opción 1

- Identificar a obra e o seu autor. Sinalar o seu estilo musical e datación aproximada.
- Indicar o contexto cultural, artístico e histórico do compositor e da obra propostos.
- Características musicais que concorren na interpretación deste fragmento (Textura/texturas, *tempi*, instrumentos, estrutura ou forma musical...)
- Tipoloxía da obra (vocal, instrumental, escénica, programática, ballet, danza...). Podes identificar en que tipo de obra máis amplo se inclúe esta composición e a temática da mesma? Sinala calquera outro aspecto relativo ao autor ou a súa obra que consideres de importancia.

Opción 2

- Identificar a obra proposta, datación aproximada da mesma e o seu estilo musical.
- Indicar o contexto histórico, cultural e artístico no que xorde esta composición, tanto en xeral como en concreto dentro da obra sinfónica do autor.
- Características musicais que concorren na interpretación deste fragmento (tipo de agrupación, textura/texturas musicais; timbres instrumentais, *tempo*, matices, música pura/ música programática...)
- Identificar a forma musical concreta da audición proposta indicando brevemente as súas características. Sinala calquera outro aspecto que consideres de interese, relativo á obra ou ao seu autor.

Criterios de Avaliación / Corrección

CONVOCATORIA DE XUÑO

Con carácter xeral, son válidos os criterios fixados no DOG. Valorarase, asimismo, a capacidade do alumno para encuadrar adecuadamente os estilos e formas musicais obxecto de exame, tanto na pregunta teórica como na audición, con mención específica do contexto histórico que deulle orixe, aportando canto máis datos poida sobre épocas e os estilos, relación co contexto cultural do momento, características etc. Tamén se valorará a mención específica á labor dos compositores e ao seu repertorio.

En canto a proba específica de audición, valorarase tamen que o alumno poida encadrarla adecuadamente no seu período histórico, recoñecendo, a ser posible, a obra de que se trata; asimismo, determinar a súa forma musical, instrumentos e/ou voces que nela concorren, trazos estilísticos que a caracterizan e valoración do lugar que ocupa na produción musical do compositor/época, así como o tipo de texturas musicais implícitas, naqueles casos nos que esta información poda obterse/ deducirse da audición. Calquera información axeitada e correcta que o alumno/a introduza no seu comentario, será valorada positivamente,

Todos estes aspectos deberán ser desenvolvidos con lóxica interna na que prime, ademais dos criterios antes sinalados, o principio da **non existencia de ideas contradictorias ou conceptos incompatibles** dentro do mesmo comentario en particular, e en xeral, no discurso do examen.

Aínda que o alumno/a non identifique a obra proposta, teránse sempre en conta as apreciacións referentes a elementos analíticos da música e todo o relativo a aspectos contextuais en torno á súa época, froito da escoita da mesma.

Valorarse o uso de terminoloxía musical axeitada na redación.

CUALIFICACIÓNS

Haberá dous bloques, teórico/ práctico, que o alumno/a poderá combinar e que globalmente terán a seguinte puntuación;

CUALIFICACIÓNS

Haberá dous bloques, teórico/ práctico, que o alumno/a poderá combinar e que globalmente terán a seguinte puntuación;

Teórico: 6 puntos.

Tema; 4 puntos

Definicións curtas: 2 puntos

Práctico (Audición): 4 puntos.

Criterios de Avaliación / Corrección

CONVOCATORIA DE SETEMBRO

Con carácter xeral, **son válidos os criterios fixados no DOG.**

- 1- Valorarase positivamente a capacidade que mostre o alumnado para **encadrar adecuadamente** as producións musicais de cada época e mesmo as diferentes formas obxecto das preguntas teóricas, definicións curtas ou das audicións.
- 2- Especial relevo terán as referencias acertadas ao contexto histórico que deu orixe ó tema a desenrolar, achegando **datos correctos** sobre contextos históricos e sociolóxicos, estilos artísticos relacionados, peculiaridades propias dos compositores e mesmo da súa labor compositiva e de obras concretas.
- 3- **En canto á proba específica de audición**, Valorarase que o alumnado poida encadrala axeitadamente no seu período histórico concreto, recoñecendo, a ser posible, a obra de que se trata. Así mesmo, debe determinar a súa forma musical, os instrumentos que nela concorren, os trazos estilísticos que a caracterizan e o lugar que ocupa na produción musical do compositor, naqueles casos nos que esta información poida obterse/ deducirse da audición. Todos estes aspectos deberán ser desenvolvidos cunha lóxica interna na que prime, ademais dos criterios antes sinalados, o principio da non existencia de ideas contraditorias o incompatibles dentro do mesmo comentario en particular e en xeral de todo o exame.

4- CUALIFICACIÓNS.

Segundo os criterios establecidos en anos posteriores e polas sucesivas comisións, establécese o seguinte baremo

a) Habrá dous bloques, teórico/ práctico, que globalmente terán a puntuación de 6 (o teórico e 4 o práctico).

b) Tanto no examen teórico como no práctico haberá dúas opcións A e B, distribuíndose a puntuación sobre 10 da seguinte maneira:

Bloque teórico (6 puntos)

- Tema (4)
- Definicións curtas (2)

Boque práctico (4 puntos)

Audición (4)